

O OUTRO LADO DA ESPERANZA

219

[Aki Kaurismäki, 2017]

ESTREA EN NUMAX: 07.04.2017 | v.o.s.g. | +12

Toivon tuolla puolen (2017, 98')

Dirección: Aki Kaurismäki

Guión: Aki Kaurismäki

Elenco: Kati Outinen, Tommi Korpela, Sakari Kuosmanen, Janne Hyytiäinen, Ilkka Koivula, Kaija Pakarinen, Nappu Koivu, Tuomari Nurmio, Sherwan Haji

Son: Tero Malmberg

Vestuario: Tiina Kaukanen

Montaxe: Samu Heikkilä

Fotografía: Timo Salminen

Produtora: Sputnik Oy (Finlandia)

Distribuidora: Golem Distribución

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Finés, inglés, árabe, sueco

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Le Havre, 2011

Un hombre sin pasado, 2002

Nubes pasaxeiras, 1996

Contraté a un asesino a sueldo, 1990

La chica de la fábrica de cerillas, 1990

Ariel, 1988

Crimen y castigo, 1983

SINOPSE

Helsinki. Dous destinos crúzanse. Wikhström, de cincuenta anos, decide mudar a súa vida e abrir un restaurante. Khaled é un mozo refuxiado sirio que chega á capital por accidente. A súa solicitude de asilo é rexeitada pero decide ficar de todos modos. Unha tarde, Wikhström atópao na porta do seu restaurante e, emocionado, decide ofrecerlle a súa axuda.

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlín 2017 (mellor director, nomeado a mellor filme)

«Un filme tan cativador como cru, tan desesperado como, xa postos, necesario»

Luis Martínez, EL MUNDO

Filme subtítulado ao galego por NUMAX grazas á colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia



“A idea de Europa está perdida por culpa do capital”

Entrevista a Aki Kaurismäki
Por Javier Zurro

Vostede menciona todo o tempo a Chaplin, mais os seus filmes teñen moito dese cinema humanista de Ozu, Renoir ou Ford. Na vida tes que decidir se es de [John] Ford ou de [Howard] Hawks, e eu son de Hawks. [Yasujiro] Ozu é un caso diferente, porque é humanismo e arte. Eu non quero insultar a Ozu, el era un grande artista, pero non quero dicir que todo o cinema sexa arte. Perdoe pero o seu reflexo no vidro desta mesa lémbreme a *Nazarín* (Luis Buñuel, 1959).

O meu? Si, o último fotograma do filme coa música dos tambores de Calanda, só falta iso. Ese estúpido reflexo lembroume a *Nazarín* e funme da entrevista.

Volvemos non pasa nada, preguntáballo pola herdanza de Ozu ou Renoir. (...) Como non fun á escola de cinema, porque era demasiado cínico, a miña escola foi o cinema en si. Vin todo. Todo [Jean] Renoir, todo [Ernst] Lubitsch, todo Ozu, todo Ford, todo Hawks... todo. *Unha muller en París* (Charles Chaplin, 1923) proxectouse por

primeira vez 50 anos máis tarde da súa realización en Múnic e fun alí só para vela, era un apaixonado do cinema.

N’O outro lado da esperanza a solidariedade chega da xente da rúa, dos barrios, mentres que o Estado, as autoridades, non teñen compaixón. É que a maquinaria é fría e desgrazadamente sen solidariedade non hai nada, é a nosa última esperanza como seres humanos. Por desgraza cada vez hai menos, mais sempre nos quedará a esperanza, o mañá, aínda que seguramente sexa peor que o hoxe. Nunca hai que renderse.

Os seus personaxes, como a muller do centro de refuxiados, chegan a cometer actos ilegais para axudaren a outras persoas. O seu filme chama á desobediencia, a rebelarse contra a autoridade? Non hai nada sorprendente en facer o correcto. Durante un momento, esa muller no centro de refuxiados que deixa a porta aberta é un ser humano. Calquera acto contra o sistema é lexítimo, porque o sistema é ilegal. Iso está baseado n’O *capital* de Karl Marx. Porque o capital nunca chega legalmente, o diñeiro medra grazas á ilegalidade, así que estar en contra do capital é moralmente legal. Digamos que así se equilibra a cousa.

O protagonista, cando pide asilo na primeira entrevista, di que é optimista con Finlandia porque é un país cuxa xente tivo que fuxir por mor dunha guerra e entenden a situación, algo

que tamén ocorreu en España. Porén, ambos demostraron seren egoístas cos refuxiados. Tan curta é a memoria dun país? Finlandia non é peor que outros países europeos. Cando menos finxe aceptalos, pero os peores son Polonia, Hungría e a República Checa, que non acollen a ninguén. Finlandia finxe aceptalos para logo volver botalos ao seu país.

No filme tamén se mostra o auxe dos partidos de ultradereita e a violencia nas rúas por bandas nazis. Pode facer Europa algo ao respecto? Debera haber outra maneira de facer as cousas. Mentres respectemos un goberno que non ten dereito moral a gobernarnos estamos perdidos, e se non erguemos a voz como europeos estamos perdidos tamén. A idea de Europa está perdida por culpa do capital. Karl Marx nunca tivo tanta razón coma hoxe. Pode que a súa idea do comunismo na actualidade sexa utópica, mais a teoría do capital hoxe en día dá no cravo. Sexa como sexa perdemos a partida. Son un home moi sensíbel, aínda que non o pareza, e espántame que o capital sexa o dono do mundo.

Publicado en www.elespanol.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Aki Kaurismäki, Pilar Carrera. Cátedra, 2012

Aki Kaurismäki, Peter von Bagh. Cahiers du cinéma, 2006

The Cinema of Aki Kaurismäki, Andrew Nestingen. Wallflower Press, 2013

Pack Aki Kaurismäki, vol. 4. Cameo [DVD]

El Havre, Aki Kaurismäki. Cameo [DVD]

Luces al atardecer, Aki Kaurismäki. Cameo [DVD]

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

